


# A NOSA VOZ

C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez

Edición 2024

Luísa Villalta



# Índice


<b>PROXECTO O NOME</b>	(Infantil 3 anos)	<b>02</b>
<b>SEMANA DA PRENSA</b>	(Infantil 4 anos)	<b>04</b>
<b>GRADUACIÓN</b>	(Infantil 5 anos)	<b>06</b>
<b>MERCADILLO</b>	(1º Primaria)	<b>07</b>
<b>ENTREVISTA Á DIRECTORA</b>	(2º Primaria)	<b>08</b>
<b>BIBLIOTECA</b>	(3º Primaria)	<b>10</b>
<b>EXPOSICIÓNS TEMPORAIS</b>	(4º Primaria)	<b>11</b>
<b>OLIMPIADAS</b>	(5º Primaria)	<b>12</b>
<b>SAÍDAS DEPORTIVAS</b>	(6º Primaria)	<b>14</b>
<b>PLANO DE COVELO</b>	(Inglés)	<b>16</b>

# MINI PROXECTO O NOSO NOME


Durante o 3º trimestre, os nenos e nenas de 3 anos iniciáronse no proceso de escritura a través do seu nome. Para iso, tamén contamos coa colaboración das nosas estupendas familias aportando material espectacular e contándonos diferentes historias sobre porqué elixiron estes nomes.



PROPOSTAS DE GRAFISMO CREATIVO  
PARA RECOÑECER A NOSA INICIAL



BUSCAMOS E RECORTAMOS LETRAS  
PARA CONSTRUIR O NOSO NOME



A Nosa Voz - 2024

ESCRIBIMOS NA PANTALLA DIXITAL



DESFRUTAMOS DO MATERIAL APORTADO POLAS FAMILIAS

MANS TRABALLANDO MATERIAL MANIPULATIVO



E GRAZAS A TODO ISTO, NÓS TAMÉN INVESTIGAMOS



**La Historia de Carlos**

**AITANA**  
ORIXE DO NOME  
FAMOSAS  
DIMINUTIVOS

**HUGO**  
Hola, eu chamome Hugo, e o meu nome elixiuno o meu irmán Naím, meus pais puxeron nunha caixa con papoletas con todos os nomes de nenos que lles gustaban e o meu irmán Naím elixiu HUGO.  
O meu nome significa intelixente, perspicaz ou brillante.  
Hai un conto moi bonito co meu nome que se chama "La armadura de Hugo", neste conto Hugo é un neno moi sensible e percibe o mundo dunha forma asombrosa, sin embargo algúns nenos da súa clase non o entenden e se ríen del. Un día Hugo encontra a forma de protexerse i Unha armadura!

**IX GUINOS AS PALABRAS!**



AITANA E REA  
CARLOS XOAN LIA  
LUCIA  
VICTORIA  
MARTA  
HUGO

# SEMANA DA PRENSA



# 5<sup>ª</sup> ED. INFANTIL






A PROVEITA N O O A

A Nosa Voz - 2024

PRENSA

RELORTAMOS



ALIMENTOS

PARA

TRABALLAR



N OSO

PROXECTO



# EDUCACIÓN INFANTIL 2021/2024

CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ



GAEL




ARIADNA



PAOLO




PUMA



ROCÍO




NICO




ELISA



SAÚL




KYLIE




ALMUDENA



LUCA



XIANA



NATHAN



BREIXO




CLARA



ESTELA



AITANA



BELÉN



NOA



# I MERCADILLO SOLIDARIO

O venres 26 de abril de 2024 o Ceip Antonio Blanco Rodríguez celebrou o seu I Mercadillo Solidario no prezo do mestre Cerviño, en Cobele.

O alumnado voluntario da biblioteca foi o encargado de atender os postos.

Para poder benerse un libro era necesario traer alimentos non perecedeiros para o banco de alimentos de Cobele ou comida para as protectoras de animais colaboradoras. Foi todo un éxito!





# ENTREVISTA Á DIRECTORA DE COVELO

O luns 27 de maio do 2024, o alumnado de 2º de Educación Primaria, entrevistou á nosa directora, Carla.

• Onde vivees?

- Vivo en Ribadra.

• Cal é a túa cor favorita? É a túa comida?

- A miña cor favorita é o azul e a miña comida favorita é a empanada de atún.

• Desde cando levas gafas?

- Desde os 20 anos.

• Procuras cuidar a túa saúde? Como aproveitas o teu tempo libre?

- Sí, fago todo o que podo. O mellor tempo libre é aproveitar coas miñas fillos.

• practicas algún deporte?

- Sí, fago pilates.

• Gústache contar contos?

- Sí, gústame moito e tamén escribilos.

• Por que marchou xando coa?

- porque se xubilou.

• Por que levas memoria?

- porque me gustan.

• Cal foi a túa profe ou o teu profe favorito? E a túa asignatura favorita?

- Doña Celsa que foi a miña tutora de 3º, 4º e 5º. Era lingua galega.

• Como foi este primeiro ano como directora?

- Foi ben.

• Púdeshes moito traballo este ano?

- A verdade é que haxa moito.

- Como tempo vas estar de directora?
- O que aguantas.
- Gusta moito ser directora?
- Supón moita responsabilidade.
- Cantos anos levas neste cole? Gústache estar aquí?
- Gústame moito, senón non levaría tantos anos aquí, levo 11 anos!
- E cantos anos levas na docencia?
- Levo 12 anos.
- Molache o teu traballo?
- Gústame moito traballar coas menors e menors.
- Que queres mellorar do cole?
- Quero mellorar a biblioteca e as humedades.
- Tes que falar co concello como directora?
- Si, de feito teño unha boa relación cos concello e co alcalde.

Foi un pracer facerlle esta entrevista á nosa directora.  
Estamos moi contentas e contentos de tela.

Grazas polo teu tempo, Carla!

## A NOSA BIBLIOTECA

Este ano hubo unha reforma na biblioteca, na que se quitaron moitos libros.

Ademais formouse un grupo de voluntariados e pódese ir a biblioteca nos recreos da mañán. Tamén tivemos a visita de diferentes contacentas



e autoras como Susana Lamenca e lectoras compartidas.



E fixése unhas mochilas viaxeiras para levar durante unha semana para casa moi divertidas que tiñan bebuxos, platillas de cómic, un diario viaxeiro e moitos libros.

Tamén se fixo un mercadillo cos libros que se quitaron da biblioteca para darlles unha segunda vida e recoller comida para persoas con dificultades económicas e para animais.

Ademais compráronse libros novos moi bonitos interesantes!! E xogos como farochis ou xadrez.

Esperamos que o ano que ven a biblioteca sexa tan divertida coma este ano.



# Exposicions temporais



Os nenos e nenas do cole de covelo fixeron moitas maquetas, como por exemplo as de 1º de primaria dos medios de transporte, as de 2º de primaria do sistema solar, as de 3º de primaria do sistema acuatico e as de 4º de primaria da prehistoria, todas moi chulas e interesantes. Con elas poderás descubrir novas cousas que igual antes non coñecías e así segura mente comezan a gustar che temas que pensabas que eran aburridos. Non dubides en vir a velas e deste xeito poderás valorar ti mesmo estes estupendos traballos. Animaste, estante esperando!!!



## Os raios arrasan nas Olimpíadas de Covelo

Este venres 31 de maio, o cole de Covelo celebrou a 18 edición das Olimpíadas escolares. A xornada estivo marcada por unha grande emoción e unha enorme acollida por parte de todo o pobo.

O alumnado de Covelo enfrontouse a varias probas ao longo de toda a mañá. A continuación, amosamos detalladamente en que consistiron os desafíos.

### Velocidade

En velocidade xogaban por ciclos e separados entre chicos e chicas. Esta proba consistía en correr dende o principio ao final da pista de fútbol. As series eran eliminatorias.

### Relevos

É unha proba na que compiten dous equipos de 6 persoas. A persoa corredora leva unha testemuña que, cando chega a meta, ten que entregar á seguinte persoa para que así siga o ciclo. O equipo que sexa máis rápido en chegar todos á meta será o gañador.

Este ano o equipo gañador de relevos foi “Fantasmikos”.

### Xincana

A xincana é un percorrido que se fixo no pavillón, foron os tres ciclos por quendas.

As probas da xincana son as seguintes:

Primeiro hai catro barras para saltalas de lado a lado, despois hai unhas escaleiras tiradas que hai que camiñar de lado a lado. Logo hai que saltar unhas barreiras e tamén un poldro facendo o ladrón e a continuación facer o pinchacarneiro. Despois hai unha mesa e debaixo un colchón para saltar o poldro e conseguir máis impulso. Tras isto hai unhas barras para saltalas e outras barras máis altas para baixar por debaixo. Despois diso hai outras escaleiras no chan para ir saltando e logo hai unhas escaleiras para subir a ventá. A continuación, hai que realizar outro pinchacarneiro, outra vez o salto de poldro e por último saltar unha mesa.

### **Culler**

O xogo da culler, máis coñecido como xogo do ovo, baséase en ter unha culler e enriba unha pelota. O obxectivo consistía en chegar dende o principio ata o final, pero se a pelota che caía tiñas que volver ao principio.

Se chegabas sen que a pelota caera clasificábase para a final.

### **Esponxas**

A última proba foi as esponxas. Este desafío consiste en catro filas de distintos equipos que teñen que mollar unha esponxa no capacho que está cheo de auga e levalo a unha garrafa cun funil, o que encha a garrafa antes gaña. A clasificación foi a seguinte:

1º: Os raios

2º: Os gañadores

3º: Os invencibles

### **Tiro de corda**

O tiro de corda é un xogo tradicional onde se enfrontan 2 equipos de ata 6 persoas en cada un.

No chan, entre equipo e equipo, hai unha liña que marca a separación.

Os xogadores deben tirar da corda ata que o primeiro contrincante dun equipo pasa liña.

O equipo que consiga que o outro pase a liña é o que gaña.



# Un colexio deportivo

## Saída de orientación de 5º e 6º

O alumnado de 5º e 6º foron a para aprender a usar o compás e o mapa.

Os nenos e nenas de 5º e 6º de primaria foron a Maceira para usar o mapa e o compás e encontrar diferentes puntos do mapa. Alí, cando os dous cursos chegaron, o orientador explicou a actividade e fixéronse equipos con un titor e cinco alumnos en cada un. A actividade consistía en atopar balizas de cor laranxa con un punzón e os grupos tiñan un papel con recadros co número de cada baliza e tiñan que punzar o recadro de cada número asignado a cada baliza. As balizas encontrábanse no mapa e había algunhas balizas falsas que non tiñan punzón. Ao lado de cada baliza, había uns sobres con preguntas dentro, cada pregunta que responderas ben, dábanche dez puntos. Ademais, nalgún deses sobres mostraba unhas coordenadas asociadas cunha baliza misteriosa chamada baliza fantasma que tiña outra pregunta extra na que podías gañar outros 10 puntos extra. Logo, había outra maneira de conseguir puntos, se recollías lixo, podías gañar como máximo 10 puntos máis.

## Alumnos de Covelo participan nos xogos populares

Os cursos 3º, 4º, 5º e 6º saíron recentemente estes días 23 e 24 de maio para debutar dos Xogos Populares; en Salvaterra pasaron dende as 11:00 ata as 13:00 xogando con outros Colexios da zona, como o Santiago Apostol Fermín Bouza Brey... Alí había 18 xogos populares moi divertidos como, A Petanca, As Chaves, a Calva...

Según os alumnos de sexto, mediante votación, o xogo da Calva foi o mais gustado.



## Intercentros

### Covelo VS Inmaculada

No intercentros de Covelo no pavillón do CEIP Antonio Blanco Rodriguez, aprenderon moitas cosas, compañeirismo onde tamén pudimos aprender a xogar ao floorball e ao baloncesto nas clases de Educación Física

## Cros

O alumando de primaria do Antonio Blanco Rodríguez participa nunha carreira escolar.

Os nenos e nenas dende 3º ata 6º de primaria que forman parte de CEIP Antonio Blanco Rodríguez se embarcan nunha carreira interescolar en Guláns.

Estes nenos que correron 600 metros 3º e 4º, e 1,2 quilómetros 5º e 6º.

Algúns nenos do colexio gañaron medallas.

## Sendeirismo

O alumando de primaria do Antonio Blanco Rodríguez fai unha ruta ata Santa Mariña.

Pasamos polo Mangón, foi moi entretido.

Ao chegar sentámonos nunhas pedras e uns bancos a merendar.

Nos sacamos fotos, xogamos e o pasamos moi ben.

Logo volvemos polo mesmo camiño ata chegar ao cole.

## O bádminton

Fomos de excursión a Ponteareas para practicar Bádminton cun adestrador. Xa nos estaba esperando no campo onde iamos practicar Bádminton, ensinounos todas as partes dun campo e unha raqueta, fixemos un breve quecemento e comezamos a xogar.

Estivemos 5º e 6º de primaria.

Os tres primeiros clasificáronse para ir xogar contra os tres primeiros de cada escola.


Había moitos coles de Ponteareas e non só de Ponteareas, tamén había de Mondariz e de moitos lugares.




# ENGLISH CORNER

This is a map of Coedo.

There is a health centre.



There is a swimming pool.



There is a bank.



There is a park.



There is a café.



There is a school.



There is a butcher's.





There is a library.



There is a supermarket



3<sup>rd</sup> GRADE: Leo, Leyre, Yanira, Sabela, Lucía, Paula, Axier, Miriam